



## **A XUNTA APROBA O RECURSO DA APDR CONTRA A PLANTA DE BIOMASA DE ENCE**

A Consellería de Economía e Industria ven de estimar o recurso de reposición interposto pola APDR contra a resolución da propia Consellería que aprobaba a relación de anteproxectos de instalacións de centrais de biomasa na que se incluía a solicitada por ENCE para Lourizán.

Admite na súa resolución a Consellería que a APDR ten razón cando afirma que a instalación da central de biomasa proxectada por ENCE incumpriía o requisito relativo ao emprazamento, ao non ser compatíbel coa cualificación urbanística do solo, un incumprimento que quedaba patente desde o primeiro momento xa que ENCE non achegaba a citada certificación urbanística dos terreos no complexo industrial de Lourizán, un requisito indispensábel. Resulta acreditado de acordo coa Consellería que, neste sentido, a instalación non debiera ter sido seleccionada. ENCE pretendía xustificar a falta da certificación urbanística coa presentación dun proxecto sectorial que non incluía a central de biomasa, incumprindo así as previsións urbanísticas e do solo, que teñen carácter vinculante e prevalecen sobre o planeamento urbanístico vixente.

En segundo lugar, a Consellería admite que, ao se atopar as instalacións de ENCE en dominio público marítimo-terrestre, ademais da autorización autonómica, para a instalación da central de biomasa é precisa tamén a concesión sobre dominio público outorgada pola Administración estatal, unha concesión demanial que segundo a Consellería resulta claro que a día de hoxe non se vai obter por resultar incompatíbel co Plan de Ordenación do Litoral. Tal e como indica a Consellería na súa resolución, o POL manifesta a vontade inequívoca de recualificar as áreas onde actualmente están as demais instalacións xa autorizadas a ENCE.

Para APDR, que se felicita pola decisión da Xunta, resulta inadmisíbel que a Consellería teña considerado no seu día a solicitude de ENCE, xa que –como denunciámos coas nosas alegacións e recoñece agora a Consellería- non cumpría as condicións esixidas na convocatoria, ao resultar incompatíbel o proxecto coa cualificación urbanística do solo; pola inexistencia da concesión demanial para a ocupación dos terreos de dominio público marítimo-terrestre, e pola inviabilidade da inversión derivada da expiración da concesión demanial existente para a fábrica de pasta de papel.

Pontevedra, 25 de febreiro de 2011

Pola APDR, asinado Antón Masa